

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 1 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula e se convoca o Programa de escolas abertas destinado a persoas directivas e responsables de impartir docencia nas entidades galegas e a persoas galegas residentes fóra de Galicia para o ano 2018 (PR923E, PR923H).

O artigo 7 do Estatuto de autonomía de Galicia recoñece ás comunidades asentadas fóra de Galicia o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego mediante o recoñecemento da súa galegitude, cuxo alcance e contido será regulado por lei do Parlamento.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, establece que son comunidades galegas as entidades sen ánimo de lucro, asentadas fóra de Galicia e constituídas por persoas galegas, con personalidade xurídica no territorio en que estean asentadas e que teñan por obxecto principal os labores de protección, instrución ou lecer das persoas galegas residentes fóra de Galicia e dos seus descendentes, e/ou o mantemento ou o fomento dos lazos culturais, sociais ou económicos con Galicia.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, des-concentra na persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencias.

A preservación das comunidades galegas asentadas fóra do territorio de Galicia, en canto exalten a nosa lingua, tradicións, o noso folclore e a nosa historia, é unha tarefa fundamental da Secretaría Xeral da Emigración por canto, tales actos, que permiten o



mantemento dos lazos culturais e sociais da colectividade galega no exterior coa Galicia territorial, son a expresión mesma da galegitude, tal e como se entende na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude.

Para dar cumprimento aos obxectivos que ten encomendados, por medio desta resolución esta secretaría xeral convoca e regula o Programa de escolas abertas 2018 destinado a persoas responsables de impartir docencia nas entidades galegas do exterior e a persoas galegas residentes fóra de Galicia.

En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007; nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e demais normativa de aplicación,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerá a realización de obradoiros culturais de especialización de carácter presencial dirixidos a persoas responsables de impartir docencia nas entidades galegas do exterior e a persoas galegas residentes fóra de Galicia.

2. Así mesmo, é obxecto desta resolución a convocatoria de axudas para participar nos obradoiros para o ano 2018, procedementos PR923E e PR923H.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias e requisitos*

1. Persoas responsables de impartir docencia nas entidades galegas do exterior.

Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas para este programa as persoas responsables de impartir docencia naquelas entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean recoñecidas en calquera das categorías establecidas no artigo 4 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude.



Poderán solicitar participar neste programa aquelas persoas responsables de impartiren docencia nas entidades galegas:

a) Que teñan constituídas escolas ou grupos consolidados da especialidade solicitada cunha actividade continuada, cando menos, nos dous últimos anos.

b) Aquelas entidades que, non cumprindo o establecido no parágrafo anterior, tivesen grupos constituídos nos últimos dez anos e estean no seu proceso de recuperación.

c) No caso de persoas que soliciten participar no obradoiro de confección de traxe tradicional galego, a entidade galega deberá ter grupo de baile ou música debidamente constituído e cun funcionamento ininterrompido, como mínimo, durante catro anos.

As persoas solicitantes deben ser maiores de 18 anos e menores de 65 e ser responsables de impartir a docencia, na modalidade solicitada dentro da entidade galega en que exercen a súa función docente. Malia o anterior, mediante resolución razoada, á vista de circunstancias excepcionais de excelencia ou dedicación nas materias que se impartirán no obradoiro correspondente, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración poderá autorizar a participación dalgunha persoa maior ou menor destas idades.

2. Persoal directivo das entidades galegas do exterior.

Para a modalidade de formación de persoal directivo, poderán ser beneficiarias aquelas persoas que pertencen á xunta directiva daquelas entidades galegas que, no Rexistro da Galegitude, estén inscritas na Sección de comunidades galegas, centros colaboradores ou federacións de entidades.

Así mesmo, poderán ser beneficiarias aquelas persoas que colaboren no exterior coa Secretaría Xeral da Emigración nun programa que esta xestione en materia de xuventude.

As persoas solicitantes por estas entidades deberán ter unha idade comprendida entre os 21 e 35 anos, e formar parte da xunta directiva destas entidades no último ano, cando menos, na data do remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. Persoas físicas que non exerzan docencia nunha entidade galega do exterior.

Poderán ser persoas beneficiarias deste programa as persoas emigrantes galegas e os seus descendentes ata o segundo grao de consanguinidade, maiores de 18 anos e menores de 65, residentes fóra de Galicia, que acrediten ser responsables de impartir docencia



na modalidade que soliciten en entidades distintas das mencionadas no número 1 deste artigo e que cumpran os requisitos exixidos para o resto dos participantes.

4. Non poderán ser beneficiarias dos distintos obradoiros as persoas en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin poderán ter participado no Programa de escolas abertas máis de dúas veces nos últimos catro anos, en calquera modalidade. Se así for, quedarán excluídas.

Non poderán ser beneficiarias aquelas persoas solicitantes que exerzan o seu labor docente ou pertencen a entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os requisitos teñen que cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3. *Características do programa*

As distintas actividades que se desenvolverán no programa consistirán na organización e participación en obradoiros de especialización de:

- Gaita tradicional galega.
- Baile tradicional galego.
- Percusión tradicional galega.
- Canto popular e pandeireta.
- Confección de traxe tradicional galego.
- Obradoiro de formación de persoal directivo.

Estes obradoiros terán as seguintes características comúns:

– Formación intensiva, de carácter participativo, cunha duración mínima de 50 horas lectivas teórico-prácticas.

– A formación será impartida por profesionais e expertos con experiencia nas distintas modalidades.



– Cada alumno deberá vir provisto dos instrumentos necesarios para o desenvolvemento dos obradoiros de carácter cultural.

– O lugar de celebración, o número de prazas de cada obradoiro por país, o desenvolvemento de cada unha das modalidades e a non realización dos obradoiros que non acaden un número mínimo de 8 solicitudes establecerase por resolución da persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración. Así mesmo, no caso de que o número de solicitudes presentadas para algún dos obradoiros sexa elevado, poderá determinarse a realización de máis dun obradoiro nalgunha das modalidades.

Artigo 4. *Prazas e datas de realización*

1. O número de prazas ofertadas ascende a un total de 80 distribuídas do seguinte xeito:

– Área 1 (países europeos): 18 prazas.

– Área 2 (países do resto do mundo): 62 prazas.

As prazas vacantes nunha das áreas poderanse adxudicar á outra área, de haber nela solicitudes admitidas e contar con crédito suficiente no programa. Nos obradoiros de gaita, baile, canto popular e pandeireta e percusión reservarase un total de 4 prazas para as solicitudes de persoas físicas que non exerzan docencia nunha entidade galega do exterior.

Para o obradoiro de formación de persoal directivo, de haber solicitudes admitidas bastantes, reservarase o 70 % das prazas para mulleres.

2. Os obradoiros desenvolveranse preferiblemente na cidade de Ourense durante o mes de xullo do ano 2018.

Aquelas persoas participantes que desexen prorrogar a súa estadía en Galicia, unha vez finalizadas as actividades, ata completar un período aproximado de 30 días desde o remate da actividade, deberán asumir todos os gastos da dita prórroga.

A persoa que desexe prorrogar a súa estadía en Galicia segundo os termos anteriormente indicados, deberá reflectilo na solicitude de participación no programa cubrindo a casaña correspondente.



Artigo 5. *Financiamento, achegas económicas e compatibilidade*

1. Financiamento.

Trátase de axudas en especie e, consecuentemente, non supoñen contabilización de gasto. Os servizos que se prestan aos participantes na presente convocatoria serán obxecto de licitación, de acordo coa normativa de contratos do sector público.

2. Achegas económicas.

A Secretaría Xeral da Emigración farase cargo dos gastos necesarios para a organización e desenvolvemento dos obradoiros programados dentro do programa de escolas abertas presenciais 2018.

Igualmente, farase cargo da organización e do custo da estadía e da viaxe de ida e volta dos participantes desde os seus países ou comunidades de residencia ata o lugar onde se desenvolvan os obradoiros.

3. Compatibilidade.

As axudas previstas nesta resolución serán compatibles con calquera outra das reguladas pola Secretaría Xeral da Emigración ou organismos públicos para os mesmos conceptos.

Artigo 6. *Lugar de presentación de solicitudes*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



Artigo 7. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta (40) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 8. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. Persoas responsables de impartir docencia nas entidades galegas do exterior (código de procedemento PR923E).

1.1. Para os obradoiros de gaita, baile, percusión, canto e confección de traxe:

a) Documento identificativo da persoa solicitante, sempre que non se dispoña do DNI. No caso de dispoñer de DNI/NIE, só hai que presentalo no caso de opoñerse á súa consulta no anexo I.

b) Unha fotografía recente tamaño carné.

c) Documentación identificativa da entidade en que exerce as súas funcións.

d) Ficha da entidade colaboradora, segundo o modelo do anexo II

e) Unha declaración da persoa aspirante comprometéndose a ensinar os coñecementos adquiridos no seo da entidade en que imparte ensino, incluída no anexo I.

f) Breve currículo da persoa aspirante con especial referencia aos coñecementos e nivel de estudos musicais realizados, títulos, experiencia, actuacións, gravacións, grupos ou escolas en que impartiu docencia, etc., na materia obxecto do obradoiro.

g) Para os obradoiros de gaita, baile, percusión e canto popular e pandeireta: unha gravación en vídeo dixital (CD, VCD, DVD...) da modalidade solicitada que non exceda os 4 minutos, sen ningún outro instrumento acompañando, no caso de gaita e percusión. No caso de canto e baile, a gravación deberá ser solista.

h) Certificación da entidade do nome da escola ou grupo e do número de alumnos que os compoñen, segundo o modelo que figura como anexo IV.



i) Para o obradoiro de confección de traxe tradicional galego, certificación da entidade en que acredite a experiencia en corte e confección de traxe tradicional galego e, se é o caso, copia do título oficial de corte e confección.

Así mesmo, deberá presentarse unha certificación de ter grupo de baile ou música debidamente constituído e cun funcionamento ininterrompido, como mínimo, durante catro anos, segundo o modelo que figura como anexo III.

1.2. Para o obradoiro de formación de persoal directivo das entidades galegas deberase achegar a seguinte documentación:

a) Certificación de que a persoa solicitante leva pertencendo á xunta directiva da entidade durante o ano anterior á data da convocatoria que figura como anexo II.

b) Acta da entidade en que apareza o seu nomeamento como membro da xunta directiva da entidade na cal exerza as funcións directivas.

c) A recollida nas alíneas a), b), c) e e) do punto 1.1 deste artigo.

d) Para aquelas persoas que soliciten esta modalidade e colaboren coa Secretaría Xeral da Emigración nun programa que esta xestione en materia de xuventude, abondará que acrediten tal colaboración.

2. Persoas físicas que non exerzan docencia nunha entidade galega do exterior (código de procedemento PR923H).

a) Documento identificativo da persoa solicitante que posúa a nacionalidade española, ben sexa pasaporte español ou outro documento de identidade en que consten os seus datos persoais e a nacionalidade española sempre que non se dispoña do DNI. No caso de dispoñer de DNI/NIE, só hai que presentalo no caso de opoñerse á súa consulta no anexo V.

b) Documentación xustificativa do nacemento en Galicia que acredite a súa condición de persoa emigrante galega, ou descendente ata o segundo grao de consanguinidade, que inclúa a documentación acreditativa do parentesco cando proceda.

c) Documentación que acredite a súa residencia fóra de Galicia: certificado de inscrición no Rexistro de matrícula consular ou outro documento oficial xustificativo que acredite a residencia continuada no exterior, en que conste a dilixencia de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular, de ser o caso.



d) Unha fotografía recente tamaño carné.

e) Certificación acreditativa de que a persoa solicitante imparte docencia na modalidade do obradoiro solicitado, emitida por unha entidade vinculada coa cultura e o folclore galego.

f) Breve currículo da persoa aspirante con especial referencia aos coñecementos e nivel de estudos musicais realizados, títulos, grupos ou escolas en que impartiu docencia, experiencia, actuacións, gravacións, etc., na materia obxecto do obradoiro.

g) Unha gravación en vídeo dixital (CD, VCD, DVD...) da modalidade solicitada que non exceda os 4 minutos, sen ningún outro instrumento acompañando, no caso de gaita e percusión. No caso de canto e baile, a gravación deberá ser solista.

3. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentáranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



6. A falsidade ou ocultación de datos na documentación presentada para a obtención da axuda comportará a exclusión do proceso de valoración e, polo tanto, a imposibilidade de ser persoa beneficiaria das axudas establecidas nesta resolución.

O material audiovisual poderá presentarse nos seguintes formatos de uso común: mp4, avi, mov ou wmv e non pode superar os 12 MB.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación dos procedementos PR923E/PR923H consultarase automaticamente o DNI/NIE da persoa solicitante, de ser o caso, así como os datos oficiais acreditativos de que se atopa vinculada con calquera concello galego no censo electoral de residentes ausentes. Só no caso de oposición expresa no modelo de solicitude, as persoas interesadas deberán achegar os documentos acreditativos correspondentes.

2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia faga imposible a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 10. *Tramitación, procedemento e réxime de concesión*

1. O procedemento de concesión destas axudas será o de concorrencia competitiva previsto no artigo 19 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A ordenación e instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral da Emigración e das Comunidades Galegas. Crearase un órgano colexiado, que avaliará as solicitudes e emitirá o correspondente informe en que se concretará o resultado da avaliación e estará formado por tres persoas funcionarias da Secretaría Xeral da Emigración.

3. Expirado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta resolución, elaboraranse listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por países, sinalando as causas de exclusión. Estas listas serán publicadas no prazo máximo de 40 días desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<http://emigracion.xunta.gal>), e tamén estarán expostas nos taboleiros de anuncios das delegacións e entidades colaboradoras citadas no artigo 4.1.

4. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se achega a documentación exigida, a Secretaría Xeral da Emigración requirirá a persoa solicitante para que, nun pra-



zo máximo de dez días hábiles desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración das listas provisionais (<https://emigracion.xunta.gal>), formule as alegacións ou achegue os documentos preceptivos que consideren oportunos para emendar a solicitude. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión, consideraranse desistidas da súa petición e procederase ao arquivamento do seu expediente nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

5. Transcorrido este prazo elaboraranse as listas definitivas de solicitudes admitidas e excluídas, que se publicarán na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<http://emigracion.xunta.gal>),

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. Publicada a relación definitiva de persoas beneficiarias na páxina web (<https://emigracion.xunta.gal>), as persoas interesadas que queiran modificar as datas de retorno, disporán de tres días hábiles para modificalas. Non será admisible ningún outro cambio a partir desa data, agás causas de forza maior ou debidamente xustificadas e autorizadas exclusivamente pola Secretaría Xeral da Emigración.

7. As persoas solicitantes admitidas que non sexan seleccionadas pasarán a unha lista de reservas e poderán substituír aquelas seleccionadas que renunciem á praza, nas condicións que determine a Secretaría Xeral da Emigración, para non prexudicar o normal desenvolvemento do programa.

8. A persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración poderá ditar todas as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

Artigo 11. *Comisión avaliadora*

1. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado, que emitirá o correspondente informe en que se concrete o resultado da avaliación. Este órgano colexiado estará formado por tres persoas funcionarias da Secretaría Xeral da Emigración e avaliará as solicitudes presentadas, asistido por un ou varios especialistas na materia, segundo os criterios obxectivos desta resolución.



2. Unha vez examinados os expedientes, elaborará unha proposta de concesión, que será elevada polo órgano instrutor á persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración para a súa resolución.

3. Unha vez realizada a selección de persoas beneficiarias, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración ditará as resolucións oportunas e esta resolución publicarase na páxina web (<https://emigracion.xunta.gal>).

Artigo 12. *Criterios de selección*

Os criterios de valoración serán os seguintes:

1. Calidade técnica:

a) Obradoiros de gaita tradicional galega, baile tradicional galego, canto popular e pandeireta e percusión tradicional galega:

A calidade técnica da gravación valorarase ata un máximo de 60 puntos distribuídos do seguinte xeito:

a.1. No caso dos obradoiros de gaita tradicional galega, canto popular e pandeireta e percusión tradicional galega:

- Afinación: ata un máximo de 15 puntos.
- Expresión: ata un máximo de 15 puntos.
- Rítmica: ata un máximo de 15 puntos.
- Estética musical: ata un máximo de 15 puntos.

a.2. No caso do obradoiro de baile tradicional galego:

- Expresión: ata un máximo de 20 puntos.
- Rítmica: ata un máximo de 20 puntos.
- Técnica: ata un máximo de 20 puntos.



Non se admitirán solicitudes que, a criterio das persoas técnicas encargadas de valorar as gravacións presentadas, non acaden un nivel técnico suficiente para participar no correspondente obradoiro, e pode establecerse unha puntuación mínima para poder participar nos obradoiros.

b) Obradoiro de confección de traxe tradicional galego. Valorarase cun máximo de 40 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

b.1. Estar en posesión do título oficial de corte e confección: 20 puntos.

b.2. Ter experiencia en corte e confección de traxe tradicional galego debidamente certificado pola entidade galega: 20 puntos.

c) Obradoiro de formación de persoal directivo:

c.1. Categoría da entidade galega no exterior a que pertence a persoa solicitante: ata 10 puntos:

– Comunidade galega: 5 puntos.

– Centro colaborador: 3 puntos.

– Federación: 2 puntos.

c.2. Número de socios da entidade galega no exterior a que pertence a persoa solicitante: ata 5 puntos.

c.3. Ter a condición de presidente, vicepresidente, tesoureiro ou secretario da entidade galega no exterior a que pertence a persoa solicitante: ata 3 puntos.

2. Número de alumnado da escola ou grupo de baile, gaita ou canto e percusión da entidade galega do exterior en que a persoa solicitante exerza labores formativos ou a persoa física solicitante imparta ensino: ata un máximo de 10 puntos.

– Ata 10 persoas alumnas: 4 puntos.

– De 11 a 25 persoas alumnas: 6 puntos.

– De 26 a 50 persoas alumnas: 8 puntos.



– Máis de 50 persoas alumnas: 10 puntos.

3. Persoas alumnas solicitantes que non teñan participado nas catro últimas edicións de calquera destes programas: 20 puntos.

No caso de empate, resolverase, en primeiro lugar, en favor de quen non participou no programa. De persistir o empate, resolverase en favor de quen leve máis anos sen participar. Por último, de persistir o empate, resolverase pola orde alfabética dos apelidos dos solicitantes, comezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra que resulte do sorteo anual que corresponda para a actuación dos aspirantes nos procesos de selección para o ingreso na Administración autonómica de Galicia.

En caso de renuncia, por causas debidamente xustificadas, de persoas responsables de impartir docencia nas entidades galegas do exterior, procederase a adxudicar a praza vacante á seguinte candidata segundo a puntuación obtida por aplicación dos criterios de valoración e que pertenza a unha entidade do mesmo país e, se non for posible, do mesmo continente.

No caso de renuncia de solicitantes que sexan persoas físicas que non exerzan docencia nunha entidade galega do exterior, procederase a adxudicar a praza vacante á seguinte candidata, segundo a puntuación obtida con base nos criterios de valoración indicados anteriormente e, no caso de non existir candidata que reúna os coñecementos axeitados para participar, acumularase a praza vacante ás prazas ofertadas para as entidades galegas.

Artigo 13. *Resolución*

1. A resolución deste procedemento será ditada pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración e publicada na páxina web <http://emigracion.xunta.gal>.

A persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración poderá ditar todas as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

2. O prazo máximo para resolver esta convocatoria será de catro meses contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os



registros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a secretaría xeral publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

4. A presentación de solicitudes supón a autorización para a cesión dos seus datos persoais á Secretaría Xeral da Emigración, co fin de poder xestionar a axuda relativa á correspondente convocatoria, polo que nos anexos I e V se inclúe unha manifestación da persoa solicitante neste sentido.

Artigo 14. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



